



Regulamento de organización e funcionamento interno da Academia de Enfermería de Galicia

O presente documento corresponde á versión consolidada do texto, que incorpora a modificación aprobada pola Xunta Plenaria o 25 de novembro de 2025. A devandita modificación consiste na adición dunha nova Sección de Enfermería, integrada no Título III, Artigo 16. O texto orixinal foi aprobado o 27 de novembro de 2024.

ÍNDICE

TÍTULO I.....	3
Artigo 1. Natureza.....	3
Artigo 2. Funcións da Academia.....	3
Artigo 3. Réxime Xurídico.....	4
TÍTULO II.....	4
Composición e órganos de goberno.....	4
Artigo 4. Composición.....	4
Artigo 5. Órganos de goberno.....	4
Artigo 6. Xunta Plenaria.....	4
Artigo 7. Presidente/a.....	6
Artigo 8. Xunta de Goberno.....	6
Artigo 9. Os acordos e a súa constancia.....	8
Artigo 10. Confidencialidade.....	9
Artigo 11. Vicepresidentes/as.....	9
Artigo 12. Secretaría xeral e vicesecretaría.....	9
Artigo 13. Tesoureiro/a e vicetesorero/a.....	10
Artigo 14. Bibliotecario/a.....	11
TÍTULO III.....	11
Estrutura interna.....	11
Artigo 15. Seccións e comisións.....	11
Artigo 16. Seccións.....	11
Artigo 17. Creación de novas seccións e/o supresión de seccións.....	12
Artigo 18. Composición das seccións	12
Artigo 19. Competencias das seccións	13
Artigo 20. Réxime xeral das seccións.....	13
Artigo 21. Comisións.....	14
Artigo 22. Réxime xeral das comisións.....	14
TÍTULO IV.....	14

Académicos.....	14
Artigo 23. Número e clases.....	14
Artigo 24. Dereitos.....	15
Artigo 25. Deberes.....	16
Artigo 26. Provisión de vacantes.....	16
Artigo 27. Perda da condición de Académico de número.....	19
Artigo 28. Académicos/as Correspondentes.....	19
Artigo 29. Académicos/as de Honra.....	20
Artigo 30. Dos Académicos Eméritos.....	20
TÍTULO V.....	21
Outros membros.....	21
Artigo 31. Membros colaboradores Institucionais.....	21
Artigo 32. Membros colaboradores individuais.....	21
TÍTULO VI.....	21
Artigo 33. Sesiões públicas.....	21
Artigo 34. Sesión inaugural.....	22
Artigo 35. Sesiões de recepción.....	22
Artigo 36. Presidencia e exclusividade temática das sesiões públicas.....	22
Artigo 37. Sesiões privadas ordinarias.....	23
TÍTULO VII.....	23
Artigo 38. Convocatorias e orde do día.....	23
Artigo 39. Deliberacións.....	24
Artigo 40. Difusión.....	24
TÍTULO VIII.....	24
Traballos Académicos.....	24
Artigo 41. Do discurso de recepción.....	24
TÍTULO IX.....	24
Réxime sancionador.....	24
Artigo 42. Réxime disciplinario.....	24
TÍTULO X.....	26
Disposicións xerais.....	26
Artigo 43. Da interpretación do Regulamento.....	26
TÍTULO XI.....	26
Modificación do Regulamento.....	26
Artigo 44. Da reforma do Regulamento.....	26

TÍTULO I

Artigo 1. Natureza.

1. A Academia de Enfermaría de Galicia é unha corporación de dereito público, de natureza científica, dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins de interese público xeral.
2. A Academia réxese polos seus estatutos e polo Regulamento de organización e funcionamento interno aprobado pola súa xunta plenaria, sen prexuízo da aplicación da lexislación xeral e autonómica que resulte procedente.
3. A Academia ten a súa sede na Avenida da Coruña nº104, entresollado B. cp 27003. Lugo.
4. Por acordo da Xunta de Goberno poderá variarse o domicilio, así como establecer delegacións académicas noutros puntos do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. Funcións da Academia.

Para o cumprimento das súas fins, a Academia levará a cabo as seguintes funcións:

- a) Investigar, catalogar, reproducir, publicar e difundir por calquera medio idóneo coñecementos sobre a enfermaría e o seu desenvolvemento universitario, científico e técnico.
- b) Crear os premios, bolsas e distincións que se entendan adecuados para a promoción da investigación e o estímulo e recoñecemento do traballo dos investigadores.
- c) Organizar reunións científicas, simposios, foros, xornadas, talleres, seminarios, exposicións públicas, conferencias ou calquera outro tipo de actos adecuados aos seus fins esenciais, así como colaborar, no seu caso, cos promovidos por outras entidades.
- d) Establecer relacións de reciprocidade con entidades análogas, galegas, nacionais, europeas ou estranxeiras.
- e) Subscribir convenios ou acordos de colaboración con entidades, institucións, asociacións, corporacións ou organizacións de carácter público ou privado, especialmente do ámbito universitario e investigador en xeral.
- f) Manter unha relación fluída e de colaboración cos colexios provinciais de enfermaría, así como co Consello Galego.
- g) Elaborar e dar a coñecer estudos ou informes en materia de ciencias da enfermaría realizados a iniciativa súa, así como emitir os que, no seu caso, lle sexan solicitados polas administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas.
- h) Procurar o mecenado para a realización das actividades científicas de interese xeral que a Academia asume.
- i) Manter regularmente informados aos profesionais da enfermaría en Galicia, á comunidade científica e, en xeral, á opinión pública galega das actividades académicas desempeñadas.

j) Cantas outras funcións redunden en beneficio dos intereses públicos xerais a que os fins da Academia serven.

Artigo 3. Réxime Xurídico.

A Academia réxese polos estatutos aprobados por Resolución do 7 de outubro de 2013, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 3 de outubro de 2013 polo que se crea a Academia Galega de Enfermaría e polo Regulamento de réxime de organización e funcionamento interno aprobado pola súa xunta plenaria, sen prexuízo da aplicación da lexislación xeral e autonómica que resulte procedente.

TÍTULO II

Composición e órganos de goberno

Artigo 4. Composición.

1. A Academia constitúese inicialmente por vinte e oito académicos/as de número, vinte e oito académicos/as correspondentes, ademais dos/as académicos/as de honra que poidan designarse.
2. Por acordo da Xunta Plenaria adoptado por maioría absoluta poderá ampliarse razoadamente, sen necesidade de reforma estatutaria e de acordo cos procedementos de admisión que, no seu caso, procedan, o número de académicos/as inicialmente integrantes da corporación.

Artigo 5. Órganos de goberno

1. Son órganos de goberno da Academia a Xunta Plenaria, a Presidencia e a Xunta de Goberno.
2. Procurarase que na composición de todos os órganos de goberno exista un número tendencialmente semellante de homes e mulleres.

Artigo 6. Xunta Plenaria

1. A Xunta Plenaria é o órgano soberano da corporación e está integrada pola totalidade dos/as académicos/as (de número, correspondentes e de honra), aínda que só teñen dereito de voto nela os/as académicos/as de número.
2. Son funcións da Xunta Plenaria:
 - a) Elección mediante sufraxio dos/as académicos/as de número, correspondentes e de honra.
 - b) Ampliación, no seu caso, do número de académicos/as compoñentes da corporación.
 - c) Elección mediante sufraxio dos membros que compoñerán a Xunta de Goberno, así como para a cobertura de vacantes que nela se poidan producir.
 - d) Ratificación da creación pola Xunta de Goberno de seccións e comisións académicas, así como do seu reaxuste, fusión ou supresión.
 - e) Ratificación da elección dos cargos de presidente/a e secretario/a de cada unha das seccións académicas.
 - f) Ratificación do nomeamento de académicos/as correspondentes e académicos/as de honra realizada pola Xunta de Goberno.

g) Aprobación dos orzamentos de ingresos e gastos, así como o balance de contas e resultados.

h) Aprobación do Plan de actuacións e da memoria anual de actividades.

i) Adquisición ou alleación de bens patrimoniais da Academia, modificación dos seus estatutos e cantas outras cuestións se valoren como de especial transcendencia ou interese para a corporación, autorizando, no seu caso, ao presidente para iso.

j) Trámite e decisión sobre a moción de censura a membros da Xunta de Goberno ou a toda ela.

k) Establecemento dos premios, bolsas e distincións que considere oportunos, así como determinar as características dos concursos para a tramitación e adxudicación dos que se convoquen pola Academia.

l) Creación, no seu caso, das fundacións e asociacións que contribúan ao mellor cumprimento dos fins académicos, así como constituír ou participar en sociedades mercantís non personalistas.

m) Interpretación e desenvolvemento dos estatutos mediante a aprobación definitiva do Regulamento de organización e funcionamento interno elaborado pola Xunta de Goberno.

3. A Xunta Plenaria reunirse con carácter ordinario unha vez cada ano natural correspondente, e nesa sesión aprobaranse os orzamentos de ingresos e gastos para o seguinte exercicio, así como a memoria anual, o balance de contas e achegas de organismos públicos e de particulares, así como a xestión da Xunta de Goberno.

4. Ademais da preceptiva sesión ordinaria anual, a Xunta Plenaria poderá reunirse en sesión extraordinaria, que deberá ser convocada cando así o acorde a persoa que ocupe a Presidencia, a Xunta de Goberno ou o solicite polo menos o vinte e cinco por cento dos/as académicos/as de número. Neste caso, a sesión extraordinaria deberá ser convocada dentro dos trinta días seguintes á data de presentación da solicitude.

5. Cos mesmos requisitos de porcentaxe establecidos no apartado anterior deste artigo, poderá solicitarse a convocatoria específica ou a inclusión na orde do día dunha sesión extraordinaria dunha moción de censura a membros da Xunta de Goberno, ou a esta en xeral, expresando claramente as razóns en que se funde, quedando obrigada a Xunta de Goberno a incluíla na orde de asuntos a tratar.

Se a moción de censura fose aprobada por maioría de dous terzos dos asistentes, os membros censurados ou, no seu caso, toda a Xunta, deberán dimitir, e haberá de convocarse inmediatamente a elección de novos cargos, de acordo co previsto nestes estatutos.

En todo caso, para que unha moción de censura poida prosperar será necesaria a asistencia á Xunta Plenaria en que se trate do oitenta por cento dos académicos con dereito a voto.

6. Tanto a sesión ordinaria como a extraordinaria da Xunta Plenaria serán convocadas por acordo da Xunta de Goberno, sen prexuízo do establecido no apartado 4 deste artigo, cun mínimo de dez días de antelación, mediante comunicación dirixida a todos os académicos, indicando lugar, data e hora da reunión, tanto en primeira como en segunda convocatoria, e a orde dos asuntos para tratar.

7. Con carácter xeral, e salvo o disposto para a moción de censura no apartado 5 deste artigo, a Xunta Plenaria, tanto ordinaria como extraordinaria, quedará validamente constituída coa asistencia da metade máis un dos/as académicos/as de número na primeira convocatoria e calquera que fose o seu número na segunda, convocatoria que terá lugar polo menos trinta minutos despois da hora na que fose convocada a primeira.

8. Os acordos serán adoptados por maioría dos asistentes, salvo os supostos que requiren segundo estes estatutos unha maioría cualificada, e o serán mediante votación secreta cando así o solicite polo menos o dez por cento dos/as académicos/as de número que asistan á Xunta. O voto será en todo caso secreto cando se trate do nomeamento de novos/as académicos/as ou afecte ao decoro dos xa constituídos como tales.

9. O/A presidente/a da Xunta Plenaria, que será o/a da Academia, abrirá e pechará a sesión, exercendo de moderador/a e podendo, se non estivese presente un/a de os/as vicepresidentes/as, delegar esta función en calquera dos/as académicos/as de número que asistan á sesión.

Artigo 7. Presidente/a

1. A persoa que ostente a Presidencia da Academia, que o é tamén da Xunta Plenaria e da Xunta de Goberno, ostenta a xefatura superior da corporación e a súa representación máxima en todas as súas relacións cos poderes públicos, entidades, organizacións e persoas naturais ou xurídicas, velando polo cumprimento das prescricións estatutarias e regulamentarias, así como das disposicións e acordos adoptados polos órganos académicos de goberno e representación.

2. Competen ademais ao/a presidente/as seguintes atribucións e funcións:

a) Exercitar as accións que correspondan en defensa dos dereitos e intereses da Academia ante os tribunais de xustiza e autoridades de toda clase, outorgando e revogando os poderes necesarios para o efecto.

b) Presidir a totalidade dos actos que organice a Academia e concorrer en representación aos realizados por outras institucións ou corporacións.

c) Presidir e moderar as sesións ordinarias e extraordinarias dos órganos académicos de goberno, ordenando as correspondentes convocatorias, previa preparación co/o secretario/a xeral da orde do día, todo iso sen prexuízo da facultade de delegación prevista nestes estatutos, e dirimindo, no seu caso, os posibles empates co seu voto de calidade.

d) Subscribir convenios e acordos de colaboración con asociacións, corporacións, fundacións, universidades, institutos de investigación ou docencia e academias afíns, para fomentar, crear, organizar e desenvolver actividades tendentes ao mellor cumprimento dos fins académicos.

e) Aceptar subvencións, doazóns, legados e calquera outro tipo de recursos económicos e patrimoniais da Academia, dando coñecemento da súa actuación na primeira reunión que celebre a Xunta de Goberno.

f) Previa autorización da Xunta Plenaria, adquirir e allear bens patrimoniais da Academia e, coa mesma autorización, iniciar o procedemento de modificación dos estatutos, así como adoptar resolución sobre cuestións que se consideren de especial transcendencia ou interese.

g) Adoptar as resolucións que procedan por razóns de urxencia, dando conta ao órgano académico correspondente para a súa ratificación na sesión seguinte do mesmo.

h) Asinar mancomunadamente co tesoureiro os documentos xustificativos de tesourería.

3. Sempre que exista dotación orzamentaria para o efecto, o/a presidente/a poderá nomear aos/as asesores/as que considere necesarios, poñéndoo en coñecemento da Xunta de Goberno.

Artigo 8. Xunta de Goberno

1. A Xunta de Goberno é o órgano executivo superior da Academia.
2. Estará constituída por un/a presidente/a, que será o da Academia, dous vicepresidentes/as, un/a secretario/a xeral, un/a vicesecretario/a, un/a tesoureiro/a, un/a vicetesorero/a e un/a bibliotecario/a.
3. Para ser membro da Xunta de Goberno será preciso inescusablemente ser académico/a de número.
4. A elección dos membros da Xunta de Goberno será por votación persoal, directa e secreta dos/as académicos/as de número reunidos en Xunta Plenaria. As candidaturas, compostas por un total de oito membros, deberán presentarse en listas pechadas e completas, con expresión de todos os cargos. De non concorrer máis ca unha candidatura, a Xunta Plenaria procederá sen máis trámite á súa proclamación.
5. A duración do mandato da Xunta de Goberno será de cinco anos, sendo reelixibles os seus membros por unha soa vez consecutiva.
6. De producírense vacantes ao longo do mandato, os cargos vacantes serán automaticamente ocupados ata o seu termo polos seus respectivos substitutos: o/a presidente/a por o/a vicepresidente/a primeiro/a; este/a por o/a vicepresidente/a segundo/a; o/o secretario/a xeral polo/a vicesecretario/a; o/a tesoureiro/a por o/a vicetesorero/a; e o/a bibliotecario/a por o/a académico/a de número de maior idade.
7. Todos os cargos serán honoríficos e gratuítos, deixando a salvo o réxime das dietas que poidan establecerse pola Academia.
8. Son funcións da Xunta de Goberno as seguintes:
 - a) Velar polo cumprimento do disposto nos estatutos da Academia e executar os acordos da Xunta Plenaria.
 - b) Dirixir e administrar a Academia en beneficio da corporación, resolvendo as cuestións da súa adecuada xestión.
 - c) Elaborar e aprobar o regulamento de organización e funcionamento interno, que será elevado á Xunta Plenaria para a súa aprobación definitiva.
 - d) Dirixir e coordinar as relacións entre a Academia e outras entidades e organismos autonómicos, nacionais, comunitarios europeos ou estranxeiros.
 - e) Velar polo cumprimento e eficaz desenvolvemento dos convenios e acordos de colaboración subscritos con outras entidades públicas ou privadas.
 - f) Elaborar o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o balance de contas e resultados, elevándoos á Xunta Plenaria para a súa aprobación.
 - g) Elaborar o proxecto do Plan de actuacións e da memoria anual de actividades.
 - h) Crear as seccións nas que se estrutura a Academia segundo os seus estatutos, así como propoñer á Xunta Plenaria a creación de comisións permanentes ou temporais.

- i) Prover a cobertura das vacantes producidas nas seccións, previa suxestión da sección correspondente e en consonancia cos avances científicos e coas necesidades da Academia.
- j) Asegurar a funcionalidade das diferentes seccións da Academia e ratificar, no seu caso, os acordos que estas adopten.
- k) Realizar as convocatorias de «académicos/as correspondentes» e proceder á súa designación, que haberá de ser ratificada pola Xunta Plenaria.
- l) Propoñer o nomeamento de académicos/as de honra.
- m) Valorar e decidir os supostos do pase á situación de supernumerario/a do artigo 30.6 e 7 dos estatutos.
- n) Convocar os concursos para a adxudicación de premios, bolsas e distincións de acordo coas características fixadas pola Xunta Plenaria, e designar aos xurados que haxan de resolver cada un deles.
- o) Proceder á designación, no seu caso, de membros colaboradores.
- p) Designar o/a académico/a de número que deba pronunciar o discurso inaugural anual da Academia.
- q) Designar ao/a académico/a de número que deba contestar o discurso de ingreso na toma de posesión dun novo/a académico/a.
- r) Nomear e separar aos empregados da Academia.
- s) Coñecer e informar de todos os asuntos que vaian ser tratados na Xunta Plenaria.
- t) Propoñer á Xunta Plenaria o réxime de dietas e acordar por si mesma a súa periódica actualización.
- u) Cantas outras debeñan dos estatutos, do Regulamento de organización e funcionamento interno e da normativa xeral de aplicación, así como todas aquelas que non veñan expresamente atribuídas en exclusiva a outros órganos académicos.

9. Para a válida constitución das sesións da Xunta de Goberno requírase a presenza da metade máis un dos seus membros, entre eles e en todo caso a persoa que ocupe a presidencia, ou persoa en quen delegue, e o/a secretario/a. Os seus acordos adoptaranse por maioría simple de votos, sendo o do presidente de calidade que dirimirá os empates.

10. A Xunta de Goberno poderá requirir a presenza doutros/as académicos/as que non formen parte dela para tratar de asuntos concretos. Neste caso, tales membros participarán nas deliberacións, pero non terán voto para a resolución da cuestión da que se trate. Igualmente ocorrerá cos asesores, no seu caso, nomeados pola persoa que ocupe a presidencia.

Artigo 9. Os acordos e a súa constancia

1. Tanto os acordos da Xunta Plenaria como os da Xunta de Goberno serán inmediatamente executivos, servindo de base no que sexa necesario a certificación que dos mesmos conste na acta correspondente, expedida, no seu caso, polo secretario xeral co visto e prace do/a presidente/a.

2. Na Academia levarán obrigatoriamente catro libros:

a) O libro de membros, no que constarán os seus nomes e apelidos, profesión, domicilio e os títulos, publicacións e demais circunstancias relevantes para o efecto, especificando os cargos que exerzan ou exercesen na Academia, a docencia universitaria ou a investigación. A Academia custodiará os datos coas medidas derivadas da lexislación xeral de protección de datos.

b) O libro de actas das sesións da Xunta Plenaria.

c) O libro de actas das sesións da Xunta de Goberno.

d) Os libros da contabilidade, nos que figurarán todos os ingresos e gastos da Academia, precisándose a procedencia dos ingresos e o investimento efectuado dos gastos.

3. Para a mellor constancia dos acordos incorporaranse paulatinamente os medios e técnicas máis avanzados admitidos en dereito, sempre que se garanta a autenticidade e veracidade do contido das actas.

4. Os acordos tomaranse por maioría simple dos votos validamente emitidos, salvo naqueles casos nos que o presente regulamento esixa outra maioría cualificada. No caso de empate nos votos validamente emitidos, a persoa que ostente a presidencia terá voto de calidade e determinará o desempate.

5. Os acordos adoptados reflectiranse na acta da sesión xunto coas votacións individuais.

6. A persoa que ocupe a Secretaría poderá certificar os acordos adoptados, sen prexuízo da posterior aprobación da acta en sesión inmediatamente posterior, e deixará constancia desta circunstancia.

7. A acta será asinada pola persoa titular da Secretaría, co visto e prace da persoa que ostente a Presidencia.

Artigo 10. Confidencialidade

Todos os asuntos tratados tanto en Xunta Plenaria como en Xunta de Goberno terán carácter confidencial, polo que os/as académicos/as absteranse de facer públicos, salvo autorización expresa do/a presidente/a da Academia, os acordos adoptados e as discusións previas que se produciron.

Artigo 11. Vicepresidentes/as

1. Os/as vicepresidentes/as primeiro/a e segundo/a desempeñarán cantas funcións, encargos e actividades lles confira o presidente, incluso as representativas da Academia.

2. Substituirán pola súa orde ao/a presidente/a en caso de ausencia, enfermidade, suspensión, recusación ou delegación parcial de funcións.

3. En caso de vacancia da presidencia, o/a vicepresidente/a primeiro/a ocupará o cargo en condición de «vicepresidente/a en funcións de presidente/a» ata tanto se proceda á elección daquel nos termos do artigo 16.6 dos estatutos.

Artigo 12. Secretaría xeral e vicesecretaría

1. O/A secretario/a xeral da Academia, que á súa vez o será da Xunta Plenaria e da Xunta de Goberno, terá as seguintes atribucións e funcións:

a) Convocar, por orde do presidente, as sesións dos órganos de goberno da Academia e estender as correspondentes actas.

b) Redactar e dirixir coa debida antelación os oficios de citación para todos os actos da Academia, segundo as ordes que reciba do/a presidente/a.

c) Exercer, baixo a autoridade do/a presidente/a, a xefatura do servizo administrativo e de recursos humanos da Academia.

d) Incorporarse, en razón do seu cargo, a todas as seccións nas que se estructure a Academia.

e) Desenvolver funcións de estímulo e auxilio dos traballos das seccións e comisións académicas.

f) Transcribir e dar fe dos actos e acordos dos órganos da Academia e expedir as certificacións pertinentes visadas polo/a presidente/a.

g) Expedir aos/as académicos/as co visto e prace do presidente o nomeamento e diploma que acrediten a súa condición.

h) Preparar xunto co/a tesoureiro/a e propoñer á Xunta de Goberno o anteproxecto de orzamentos para que esta, tralas modificacións que no seu caso entenda oportunas, o converta en proxecto a elevar para a súa aprobación á Xunta Plenaria. Igualmente procederá respecto do balance de contas e resultados, do Plan de actividades e da memoria anual.

i) Propoñer aos órganos correspondentes a implantación dos medios e mecanismos que garantan a custodia dos documentos da Academia.

j) Gardar e custodiar o selo da Academia, a documentación oficial, libro de actas, arquivos, ficheiros e caños, así como as medallas correspondentes ás prazas vacantes de académicos.

2. O/A vicesecretario/a auxiliará nas súas funcións ao/a secretario/a xeral e o substituirá en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 13. Tesoureiro/a e vicetesorero/a.

1. Procurarase atribuír este cargo a quen, entre os/as académicos/as de número, reúna coñecementos e condicións adecuados ao exercicio da función tesoureira e contable.

2. Serán funcións do tesoureiro as seguintes:

a) Exercer, baixo a autoridade do/a presidente/a, a xefatura do servizo de tesourería da Academia.

b) Expedir e cumprimentar os libramentos e demais medidas deste carácter atribuídas ao/a presidente/a e, a instancia súa, no artigo 15 dos estatutos da Academia.

c) Propoñer e xestionar cantos extremos sexan conducentes á boa marcha contable da Academia, subscribindo co/a presidente/a os libramentos que aquel, como ordenador de pagos, realice.

d) Levar os libros necesarios para o rexistro de ingresos e gastos e, en xeral, o movemento patrimonial.

e) Redactar xuntamente co/a secretario/a xeral o anteproxecto de orzamentos e formular a conta xeral, efectuando as operacións contables que correspondan de maneira regular e periódica. Para esta tarefa, e dado o seu carácter non necesariamente profesional, poderá servirse dos medios e asesores/as

necesarios/as que, no seu caso, aprobe a Xunta de Goberno. Igualmente procederá respecto da formulación do Plan de actividades e da memoria anual.

f) Levar o inventario dos bens da Academia.

g) Dar conta ao/a presidente/a e á Xunta de Goberno das necesidades observadas e da situación de tesourería.

3. O/a vicetesorero/a auxiliará ao tesoureiro/a no desenvolvemento das súas funcións e substituirao en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 14. Bibliotecario/a

1. O/a bibliotecario/a será o/a responsable dos fondos bibliográficos e de toda a documentación científica acumulada pola Academia, calquera que fose a súa forma de rexistro, publicación ou gravación, así como da súa custodia, conservación, incremento, difusión e adecuado acceso e disposición por investigadores e usuarios en xeral.

2. Ademais do establecido no apartado anterior deste artigo, o/o bibliotecario/a desenvolverá as seguintes funcións concretas:

a) A catalogación e clasificación dos fondos, na súa dobre vertente de información e documentación científica, así como a súa dixitalización cando se estime conveniente.

b) Propoñer á Xunta de Goberno a adquisición de fondos bibliográficos e documentais.

c) Dar o máximo relevo ás memorias e a cantas publicacións, relatorios, xornadas, simposios, discusións ou conferencias sexan realizadas ou patrocinadas pola Academia, sempre baixo as directrices que marquen o presidente e a Xunta de Goberno.

d) Incorporarse como secretario/a á Comisión de Publicacións.

3. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o bibliotecario/a será substituído polo/a académico/a de número de maior idade.

TITULO III

Estrutura interna

Artigo 15. Seccións e comisións

A Academia estrutúrase internamente en seccións e comisións. As seccións teñen carácter permanente e obedecen aos distintos ámbitos e especialidades das ciencias da enfermaría. As comisións, de carácter permanente ou temporal, responden á necesidade de investigar ou tratar cientificamente cuestións ou aspectos temáticos concretos en que sexa relevante a opinión e ditame da Academia.

Artigo 16. Seccións

1. A Academia contará polo menos coas seguintes seccións:

a) Ciencias Básicas da Enfermaría.

- b) Enfermaría Pediátrica.
- c) Enfermaría Xeriátrica.
- d) Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica.
- e) Enfermaría do Traballo.
- f) Enfermaría en Coidados Médico-Cirúrxicos.
- g) Enfermaría Familiar e Comunitaria.
- h) Enfermaría de Saúde Mental.
- i) Docencia e Investigación da Enfermaría.
- j) Dirección e Xestión da Enfermaría.
- k) Historia da Enfermaría.
- l) Innovación e desenvolvemento
- m) Ética e lexislación de Enfermaría

Artigo 17. Creación de novas seccións e/ou supresión de seccións

1. A Xunta de Goberno poderá solicitar, a petición propia ou por petición particular xustificada dalgún/a académico/a, a creación doutras Seccións anexas para o desenvolvemento científico da Enfermaría. Todas estas seccións de nova creación deberán ser ratificadas en Xunta Plenaria para a súa constitución oficial.
2. A Xunta de Goberno poderá, mediante acordo motivado e adoptado por maioría absoluta dos seus membros, suprimir seccións, fusionalas, crear outras novas ou redistribuír, para cada curso, as materias inicialmente asignadas a cada unha delas, acordo que deberá ser ratificado pola Xunta Plenaria.

Artigo 18. Composición das seccións

1. As seccións estarán constituídas por académicos/as de número e por aqueles/as académicos/as correspondentes que fosen adscritos ás mesmas da forma que regulamentariamente se estableza.
2. Os/as académicos/as incorporaranse á sección que mellor se adapte á súa especialización enfermeira, ou experiencia docente, xestora, investigadora ou clínica, procurándose unha distribución equilibrada da adscrición que faga posible o funcionamento eficaz e eficiente de todas elas. A selección e asignación a cada Sección será por petición individual dirixida á Xunta de Goberno, a cal avaliará e ratificará dita adscrición.
3. Á fronte de cada sección, designarase un/unha presidente/a e un/unha secretario/a, quen serán elixidos por maioría simple entre os membros que compoñen dita sección. A elección deberá recibir o respaldo da Xunta de Goberno. En situacións de ausencia por parte do titular da presidencia ou a secretaría, a responsabilidade recaerá, na súa falta, sobre o/a académico/a de número con maior

antigüidade entre os presentes na reunión. Este substituto informará ao Presidente da sección ou á Xunta de Goberno sobre os temas tratados na sección no menor prazo posible.

4. Cada Sección estará constituída por un mínimo de un académico/a de número e un máximo de cinco; así como, por varios académicos correspondentes que han ser ratificados pola Xunta de Goberno e por membros colaboradores que fosen adscritos ás mesmas por acordo da Xunta de Goberno. En todo caso, preferentemente, o número de membros activos nunha Sección non deberá exceder de oito en total, salvo que polo seu interese ou actualidade a Xunta de Goberno determine un número maior.

5. Cada académico/a poderá pertencer a un máximo de dúas seccións á vez, salvo que, por causas xustificadas, a Xunta de Goberno aprobe a súa pertenza a máis de dúas seccións.

6. Cada académico/a ten a obriga de adscribirse como mínimo a unha sección. Estarán exentos desta obriga os/as académicos/as electos, honoríficos e supernumerarios. O secretario/a xeral da Academia formará parte, en razón do seu cargo, de todas as seccións.

Artigo 19. Competencias das seccións

É competencia específica das seccións:

1. O estudo dos temas científicos que lles correspondan, así como os que lles encomende a Xunta de Goberno a través do/a secretario/a xeral.

2. A elaboración, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno, do programa de actividades no ámbito da súa competencia.

3. A selección no seu ámbito, e consecuente proposta á Xunta de Goberno, dos temas para tratar para a convocatoria dos premios que a Academia poida establecer.

4. A emisión de informes preceptivos en relación coas memorias, traballos ou discursos de ingreso que se presentaran.

5. A elaboración de informes técnicos ou de avaliación científica sobre temas específicos da súa respectiva competencia, a fin de establecer criterios, conceptos e recomendacións no ámbito das administracións públicas, da universidade e das organizacións profesionais.

Artigo 20. Réxime xeral das seccións

1. Periodicidade: As Seccións reuniranse unha vez por semestre e cantas veces sexa necesario para o bo desenvolvemento das súas funcións, a proposta das súas respectivas presidencias ou a pedimento da maioría simple dos seus compoñentes.

2. Informes, estudos ou relatorios: Do tratado nas reunións confeccionarase un documento borrador que será elevado para a súa aprobación á Xunta de goberno que poderá requirir o seu exame pola Comisión de Publicacións antes de ser publicado.

3. Acordos. Dentro das seccións procurarase que os acordos se tomen por consenso dos seus membros. De non ser posible un consenso, os seus acordos adoptaranse por maioría simple de asistentes e só en caso de necesidade mediante votación secreta. De todo iso informarase á Xunta de Goberno. Os membros colaboradores que fosen asignados a unha das seccións da Academia terán voz pero non voto.

4. Constitución das seccións. Para a constitución formal das seccións realizarase unha convocatoria oficial da Xunta de Goberno a todos os membros adscritos á Sección. Considerarase que existe quórum para a súa celebración cando os asistentes sexan a metade máis un dos/as académicos/as asignados.

5. Causas de baixa nunha sección. Os membros causasen baixa dunha sección polos seguintes motivos:

a) Por renuncia

b) Por perda da condición de académico/a

c) Tres ausencias ás reunións, sen xustificar, no prazo de dous anos.

d) Por incumprimento reiterado das funcións asignadas nos Estatutos ou no presente Regulamento.

e) Por ser asignado por acordo da Xunta de Goberno a outra sección.

Artigo 21. Comisións

1. Por acordo da Xunta Plenaria poderanse crear comisións, de carácter permanente ou temporal, para o estudo de cuestións ou problemas científicos concretos e para a súa consecuente publicación ou divulgación por calquera medio que se entenda idóneo.

2. A Xunta de Goberno procederá en tal caso á constitución da correspondente comisión, incorporando a ela aos/as académicos/as que voluntariamente queiran acceder á mesma. Cada comisión dotarase dun/a presidente/a e dun/a secretario/a que, en caso da Comisión (permanente) de Publicacións, será o/a bibliotecario/a da Academia.

Artigo 22. Réxime xeral das comisións

1. As comisións reuniranse tantas veces sexa necesario para o bo desenvolvemento das súas funcións, a proposta dos/as seus respectivos/as presidentes/as ou a pedimento da maioría simple dos seus compoñentes.

2. Os seus acordos adoptaranse por maioría simple de asistentes e só en caso de necesidade mediante votación secreta. En caso de empate a Presidencia terá voto de calidade.

3. Será preceptivo que, antes de pronunciarse a Xunta Plenaria ou a Xunta de Goberno sobre calquera asunto que afecte directamente á competencia específica das comisións, sexa oído o informe ditame que deberá presentar ao órgano decisorio o académico relator, co conforme da sección ou comisión de que se trate.

TÍTULO IV

Académicos/as

Artigo 23. Número e clases

